

COMEDIA BÍFIDA
nobicarelo teatro



Anxa Eva	Eva Souto
Anxa Sandra	Sandra Iglesias
Anxo David	David Pobra
San Pedro	Xabier Tejerina
Arcanxo	Pablo Aldrey
Lucifer	Dani Moldes
Diña	Eva Souto
Amiga	Sandra Iglesias
Eliseu	David Pobra
Lina	Eva Souto
Lana	Sandra Iglesias
Español	David Pobra
Pepe	David Pobra
Adaptación do texto e dramaturxia	Tero Rodríguez
Asesoramento lingüístico	David Pérez González
Maquillaxe, vestuario	Eva Souto - Sandra Iglesias
Escenografía	Diego Rojo
Iluminación	Sandra Iglesias
Producción	Eva Souto - Sandra Iglesias - Diego Rojo
Fotografía	Per Rueda - Sandra Iglesias
Coreografía	Sandra Iglesias e Joshua Ross McCarey
Dirección musical e composición	Diego Rojo
Dirección	Tero Rodríguez

EN GALEGO, POR QUE NON?

Autor: Manuel Núñez Singala
Biblioteca de Intervención Social/Didáctica
Editorial Galaxia



BOCABERTA

Depósito Legal: VG 430-2009



EDITORIAL GALAXIA

Non falo galego porque é unha lingua bruta.

Non falo galego porque non o entendo.

Non falo galego porque é de mala educación falalo se hai alguén que non o fala...

hum... eh?

Velaquí algunhas das razóns que ás veces se dan para non falar a lingua de nós. ¿E non será que temos xuízos erróneos sobre a lingua galega baseados en prexuízos irracionais?

Pénsao...


En galego, por que non?

Con esta campaña pretendemos ofrecerche unha manda de argumentos para que entendas que optar polo galego nin é antigo, nin é errado, nin minoritario, nin rural, nin algo propio de radicais ou de intelectuais desconectados da realidade social. Optar polo galego é optar por ti e polo que ti es.

A lingua é o noso ADN.

O libro

EN GALEGO, POR QUE NON? é un libro escrito por **MANUEL NÚÑEZ SINGALA** (autor tamén da obra de teatro *Comedia Bífida*) que quere que penses sobre o galego e sobre as nosas actitudes fronte da lingua de nós. A través de exemplos moi concretos e doados de entender, asistirás a un exercicio de derrube dos prexuízos e as simplificacións que moita xente segue tendo arredor da lingua. Un libro ameno que, ademais de facerche pensar, fará que pases un tempo mergullado na realidade lingüística de Galicia para que entendas que a diversidade cultural e lingüística é un ben que non podemos, nin debemos, desperdiciar.



A obra

COMEDIA BÍFIDA é unha montaxe da compañía **NOBICARELO TEATRO** baseada na obra do mesmo título de M. Nuñez Singala, e editada por Galaxia na súa colección Costa Oeste. Nela preséntanse, con moito humor e ironía, algunhas das situacións que a diario vivimos en relación coa lingua galega.

A obra desenvólvese durante o Xuízo Final. Con san Pedro como xuíz supremo, como debe ser. Os mortos desta obra de teatro son xulgados pola súa actitude en vida a prol ou en contra do uso da lingua propia. E xa que os mortos son maiormente galegos, vai resultar que a lingua en tea de xuízo é o galego, ese rexistro idiomático posto en cuestión no país do que é orixinario e sinal de identidade. Un arcanxo defensor e un demo fiscal darán o contrapunto argumental á hora de sopesar as razóns que levan a un galego ou a unha galega a non querer falar a súa lingua con normalidade. Humorismo, ironía, sarcasmos varios, crítica e autocrítica serán convenientemente servidos nesta derradeira cea teatral nas antesalas do inferno ou do paraíso.

